

## PREGUNTAS

- A situación do camiño portugués no tramo do noso Concello dende a entrada no noso termo municipal no linde con Portas ata o casco urbán é lamentable, incluso no tramo dende Tibo ata o casco urbán que está asfaltado, pero é especialmente calamitoso o estado no tramo de terra, sobre todo no que transcorre por Arcos da Condesa, na campaña electoral Vostede fixo unha reunión cos veciños de Arcos e comprometeuse, alí no propio camiño, a realización dunhas obras e logo a instalación dun pavimento, durante a campaña electoral maquinaria municipal estivo alí traballando, de feito xa lle preguntamos nalgún pleno sobre ese particular, e agora pasou a campaña e xa non lembra os seus compromisos, pero os veciños non poden nin acceder as súas casas. Recentemente a ELM de Arcos da Condesa, por medio do seu Alcalde-Pedáneo pediulle unha solución xa que foron Vostedes os que o estropearon, e tamén os veciños presentáronlle un escrito con firmas, por iso preguntámoslle ¿Que pesa facer Vostede para cumprir o seu compromiso antes os veciños? ¿Alguén pediu permiso a Patrimonio para enterrar as tubarías que vostedes enterraron alí? ¿Pensa Vostede, estes días que non chove aproveitar para facer algunha actuación que nos permita pasar o inverno e que os veciños poidan acceder dignamente as súas vivendas?.

- Dende o Partido Popular de Caldas de Reis queremos facer un enorme recoñecemento a todas aquelas persoas que habitualmente colaboran no embelecemento do noso Concello, e agora con motivo do Nadal de este ano queremos facerllo a todos, e todas, os veciños da rúa Hornos, que poñendo dos seus cartos, e cun espírito de traballo en común envexable, adornaron de Nadal toda a súa rúa, son moitos os curiosos que van a contempla esta fermosa iniciativa e todos coinciden no acertado da súa fermosa idea, por todo elo os Populares de Caldas de Reis dámoslle a nora boa e queremos agradecer esta iniciativa, oxalá sexa contaxioso.

Tras este agradecemos toca a pregunta, ¿Como é posible que nesta rúa aínda non inaugurada, cando chove na parte da arriba (entronque ca rúa Iglesia) e na parte de abaixo (ca rúa Real) se formen tremendas pozas porque os sumidoiros non recollen correctamente a auga?

- ¿Realmente pensa Vostede que é unha boa xestión estar a pagar 3.811,50 euros o mes polo aluguer do camión de recollida do lixo do casco urbán a unha empresa en lugar de mercar ou financiar un vehículo en propiedade? Logo non dan as contas do Concello, os gastos son maiores que os ingresos, temos que aprobar un Plan de Económico Financieiro.

- ¿Por que este ano no se publicou a orde de subvencións a asociacións e colectivos do noso municipio? ¿Parécelle normal que estes colectivos caldenses non puideran optar a ter unha axuda por una liña de axudas que tería que ser anual?

- ¿Cando pensa Vostede iluminar correctamente a maioría dos pasos de peóns, especialmente os da rúa Ferrería incluíndo o que se atopa xusto enfrente da Casa do Concello?

- ¿En que liña e exercicio pensa Vostede incluír a redacción de proxecto e a execución da obra de conexión dos tres lugares de Arcos (Valsordo, Ameal e Penalta) ca EDAR de Brialllos do Concello de Portas? ¿Pode Vostede indicarnos un cronograma para a súa execución?

- ¿Cómo é posible que se certifiquen obras do Plan Concellos de Deputación como finalizadas o día



[www.ppcaldas.es](http://www.ppcaldas.es)



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

## ROGOS

- Con motivo da festividade de defuntos, os veciños que acudiron o Cementerio municipal comprobaron que non existe un sitio onde refuxiarse da choiva, e que a capela que se constrúe polo Concello no seu día para os oficios relixiosos está chea, dende fai moito moito tempo, de material de obra. Por elo rogámoslle que habilite algunha zona onde refuxiarse da choiva, que se libere o espazo ocupado da capela para poder ser utilizada e que se habiliten algunhas tomas de corrente para poder conectar os equipos de limpeza que as familias utilizan os días previos a esa festividade para limpar os panteóns e o entorno.
- Se faga unha actuación de limpeza de cunetas e sumidoiros para evitar que en canto caen catro gotas as nosas rúas e pistas estean anegadas, especialmente grave foi estes días os asolagamentos en algúns lugares da parroquia de Godos, e todo por non ter en condicións as cunetas.
- Se organice mellor a zona de aparcamento que se sitúa diante da escalinata da Igrexa Parroquial de Santo Tomás, na rúa Iglesia, os maceteros que colocaron vostedes non serven, e cada vez que se leva a cabo un oficio relixioso (casamentos, funerais, etc.) o aparcar os vehículos precisos para estas cerimoniais a rúa Iglesia se colapsa.
- Tendo en conta o importante deterioro do firme dos viarios municipais se faga una actuación urxente de revisión e reposición do firme onde se atope cheo de buratos.



[www.ppcaldas.es](http://www.ppcaldas.es)



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620